

ACTIVIDADES DE COMENTARIO DE VARIOS DOCUMENTOS

BLOQUE DE DOCUMENTOS 1

PUNTO 1. ORIXES E CAUSAS DA GUERRA

ORIENTACIÓNS: A partir dos dous documentos que se guen debes elaborar un comentario sobre as **orixes e causas da Segunda Guerra Mundial**. Na redacción debes abordar as seguintes cuestións: **o expansionismo nazi e fascista, a debilidade das democracias (DOCUMENTO 2) fronte a esta política expansionista (DOCUMENTO 3), o camiño cara a guerra coa sinatura do Pacto xermano-soviético e o expansionismo de Xapón**. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar un **comentario coherente e argumentado**, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Pasos a seguir para o comentario con dous documentos históricos

1. PASO 1: **INTRODUCCIÓN** (explicación xeral e definición da Segunda Guerra Mundial)
2. PASO 2: **EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO PREVIO** (expansionismo nazi e fascista, facendo referencia á Conferencia de Desarmamento de Xenebra, ao abandono da Sociedade de Nacións por parte de Alemaña, á anexión do Sarre por parte de Alemaña, ao restablecemento do servizo militar obrigatorio en Alemaña, á rede de alianzas establecida por Francia contra a Alemaña e á invasión de Etiopía por parte de Italia)
3. PASO 3: **COMENTARIO DO PRIMEIRO DOCUMENTO** (debilidade das democracias fronte ao expansionismo nazi e fascista, facendo referencia á pasividade das democracias (DOCUMENTO 2))

DOCUMENTO 2. O REARMAMENTO ALEMÁN**2. O rearmamento alemán.**

O éxito de Hitler non sería posible se non fose polo letargo e a insensatez dos Gobernos franceses e ingleses de despois da guerra [...]. Ningún sincero intento se fixo para chegar a entenderse cos varios Gobernos moderados que tivo Alemaña baixo o sistema parlamentario. Hitler proclamara reiteradamente que, se chegaba ao poder, faría dúas cousas [...] ía recobrar o seu posto en Europa mediante o rearmamento; e os alemáns íanse redimir do paro poñéndose a traballar no armamento [...] así, desde o ano 1933, todas as enerxías en Alemaña foron dirixidas á preparación da guerra.

WINSTON CHURCHILL, «Hitler e a súa opción»,
Grandes contemporáneos, 1935 (adaptado)

Pautas a seguir para o comentario do texto histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Natureza do texto
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (histórico-circunstancial, histórico-testemuñal, histórico-literario...)
 - En función do seu contido (xurídico, político, económico, filosófico, xeográfico...)
- Época na que foi escrito
- Lugar no que foi escrito
- Autor ou autores
- Destino
- Intención e obxectivos

b) ANÁLISE

- Tema
- Temas ou ideas secundarias

c) COMENTARIO

- Explicación do tema ou temas que trata o texto, **sempre en relación e facendo referencia ao contido dos documentos**
 - Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas nas que se elaborou o texto
 - Explicación a información que contén e dos datos que nos achega sobre o acontecemento e a época, utilizando “*entre aspas*” algunha ou algunhas citas textuais
 - Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do texto como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)

4. PASO 4: EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO INTERMEDIO (ocupación da zona desmilitarizada de Renania por parte de Alemaña, intervención exterior na Guerra Civil española, nacemento do Eixe Roma-Berlín e sinatura do Pacto Antikomintern)

5. PASO 5: COMENTARIO DO SEGUNDO DOCUMENTO (continuación do expansionismo nazi (DOCUMENTO 3), facendo referencia ás novas invasións que vai realizando a Alemaña nazi, que se engaden ás que realizara anteriormente e que tamén están reflectidas no mapa, e estes movementos de expansión serían a anexión de Austria ao Reich alemán, explicando a celebración da Conferencia de Múnic e a formación do Protectorado de Bohemia-Moravia)

DOCUMENTO 3. O EXPANSIONISMO NAZI



3. O expansionismo nazi (1935-1939).

Pautas a seguir para o comentario do mapa histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Natureza do mapa
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (histórico-físico, histórico- político, histórico-topográfico, histórico-urbano...)
 - En función do seu contido (político, económico, agrario, industrial, militar...)
- Época na que foi realizada
- Espazo xeográfico que ocupa
- Ámbito cronolóxico que abrangue

b) ANÁLISE

- Tema principal
- Outros temas e outra información que nos achega

c) COMENTARIO

- Explicación do tema ou temas que trata o mapa, **sempre en relación e facendo referencia ao contido do documento**
 - Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas que inflúen na configuración do mapa
 - Análise dos elementos do mapa que nos achegan información sobre o acontecemento e a época
 - Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do mapa como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)

6. PASO 6: **EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO FINAL (invasión de Albania por parte de Italia e sinatura do Pacto de Aceiro))**